

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS	IMPACTO AMBIENTAL	PLAN INDUSTRIAL DE DESARROLLO EÓLICO SIN AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA
Parque eólico Tesouro de 60 MW, accesos e a súa infraestrutura de evacuación.	Enel Green Power España, S.L., con C.I.F. B61234613, e domicilio social en rúa Ribera do Loira, 60, 28042, Madrid.	<p>A Capela e As Pontes de García Rodríguez, na provincia da Coruña.</p> <p>.....</p> <p>O parque eólico desenvólvese sobre unha poligonal dun 20,03 km².</p> <p>.....</p> <p>Os aerogeradores do T07 ao T18 reserva sitúanse en terreos do antigo vertedoiro restaurado pertencente á Central das Pontes ou nas súas inmediacións.</p> <p>.....</p> <p>A mercantil promotora non realiza a avaliación dos impactos no conxunto da poligonal, senón que establece unha área de estudo máis restrinxida.</p> <p>.....</p> <p>Paraxes afectadas:</p>	<p>1. O parque eólico Tesouro de 60 MW de potencia nominal, estará integrado por doce (12) aerogeradores tripala de 170 m de diámetro, de 5.000 kW de potencia unitaria e 115 m de altura de buje. Tamén se previron seis (6) posicións de reserva con obxecto de ser executadas no caso de que algunha das posicións titulares sexan consideradas non viables durante a tramitación do presente Parque Eólico, situado nos termos municipais da Capela e As Pontes de García Rodríguez (provincia da Coruña).</p> <p>2. Catro (4) liñas subterráneas de evacuación de Media Tensión en 33 kV para interconexión dos aerogeradores coa subestación transformadora (SET) 33/220 kV Tesouro.</p> <p>3. Subestación Transformadora SET 33/220 kV Tesouro.</p> <p>4. Liña aérea de evacuación de Alta Tensión a 220 kV desde a SET 33/220 kV Tesouro á SET Colectora 33/220/400 kV As Pontes.</p> <p>5. Subestación Colectora SET Colectora 33/220/400 kV As Pontes.</p> <p>6. Liña subterránea de 400</p>	<p>Prexuízos significativos e incompatibles co mantemento dos hábitats prioritarios e de interés comunitario nun estado de conservación favorable:</p> <p>Afección severa e prexuízos significativos e irreversibles para a bosque de ribeira (hábitat prioritario). Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Non poden ser por tanto nin eliminados, nin degradados.</p> <p>A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorable.</p> <p>Os aerogeradores T04 e T06 localízanse directamente sobre hábitats prioritarios (4020 de tipo prioritario), o que implica a eliminación permanente e por tanto, irreversible deste hábitat.</p> <p>Doutra banda, a afección de vias e gabias a este hábitat supón máis de 4.000 km, co que o dano é manifesto, claro e irreversible. No caso de autorizarse finalmente esta afección, tomaranse as medidas pertinentes, incluso na vía xudicial se for preciso, para frear este dano ambiental a este hábitat prioritario.</p> <p>Por outra banda, o proxecto obvia a afección severa e incompatible coas turbeiras altas activas, hábitat prioritario 7110, tan frecuentes na zona de afección do proxecto.</p> <p>Por outra banda, os aerogeradores T01, T02, T03, T05 desenvólvense sobre un piñeiral de Pinus pinaster, con clara afección ás explotacións madeiras e forestais da zona, que constitúen parte dos ingresos das economías das familias que viven nos núcleos rurais afectados. Por outra banda, o resto das infraestruturas si afectarían a hábitats de interés comunitario ubicados tamen no antigo vertedoiro restaurado da Central das Pontes ao igual que afecta a numerosas charcas e lagoas que hai nas inmediacións.</p> <p>Á afección ás charcas e ás turbeiras foron obviadas pola mercantil promotora.</p> <p>Afección severa e incompatible coas lagoas, brañas e humidais presentes na área de desarrollo deste proxecto, dentro da poligonal do parque e nas comarcas de implantación dos seis parques eólicos que configuran o plan industrial da mercantil Enel Green Power España, S.L.: non avaliado pola mercantil promotora.</p> <p>Indica a mercantil promotora: “b) Otras figuras de protección: No se localizan en el ámbito de actuación ningún humedal catalogado de importancia, ni ninguna zona RAMSAR”. En Galicia o Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e créase o Inventario de humidais de Galicia, non chegou a inventariar ningún humedal. Non obstante, na zona de afección do proxecto e a súa poligonal existen multitude de charcas, humidais, lagos e lagoas, non avaliados pola mercantil promotora. Así por exemplo, as charcas da escombeira e a charca do Seixo son importantes focos de estadía de aves de invernada. A empresa promotora nin sequera identifica e describe as múltiples charcas e lagos que hai na antiga escombeira, que é un espazo de gran interés ornitolóxico pola proximidade ao lago das Pontes e á Serra do Forgoselo. Cómpre ter en conta que as aves non entenden de límites, e a proximidade tanto do lago das Pontes como da Serra do Forgoselo, a Reserva da Biosfera e as zonas ZEC da Rede Natura convierten á área afectada polo proxecto nun lugar de alto valor ambiental. Por exemplo, cómpre destacar que a propia mercantil recoñece que a antiga escombeira é o hábitat de tartaña e gatarfonela, especies ao bordo da extinción. O proxecto é incompatible coa recuperación e conservación destas especies.</p>	<p>O parque eólico Tesouro forma parte dun conxunto de 6 parques eólicos situados na zona noroccidental da provincia da Coruña, en desenvolvemento por parte de Enel Green Power España S.L. O conxunto dos parques eólicos, denominados Caaveiro, Tesouro, Barqueiro, Badulaque, Santuario e Moeche ten unha potencia instalada conxunta de 611 MW e conectan nun mesmo punto de conexión á Rede a Subestación de REE As Pontes (posición Grupo 3 Central Térmica). Indica a promotora: “El Parque Eólico Tesouro forma parte de un conxunto de 6 Parques Eólicos ubicados en la zona noroccidental de la provincia de A Coruña, en desarrollo por parte de Enel Green Power España S.L. El conjunto de los Parques Eólicos, denominados Caaveiro, Tesouro, Barqueiro, Badulaque, Santuario y Moeche tiene una potencia instalada conjunta de 611 MW y tienen por punto de conexión a la Red la Subestación de REE As Pontes”.</p>

	<p>Escombeira As Pontes, Pena dos Monteiros, Campeira Grande, Pastizal do Casal, Pico Ventoso, Pico do Rei e Campeira Grande.</p>	<p>kV entre a SET Colectora As Pontes e o punto de conexión á Rede na Subestación de REE As Pontes (posición Grupo 3 Central Térmica).</p>	<p>O descenso na poboación da tartarña durante o últimos dez anos sitúase nun 60%: en 2002 había entre 800 e 1548 parellas, mentres que en 2019 o número sitúase entre as 172 e as 287. Se falamos da gatafornela, en 2006 estimábase que había entre 68 e 119, mentres que na actualidade hai entre 20 e 25.</p> <p>A empresa reconece expresamente no estudo de impacto ambiental a eliminación de hábitats.</p> <p>Así indica: <i>“En segundo lugar, a eliminación de hábitats, derivada das necesidades de chan e o cambio de uso do mesmo, principalmente coas tarefas de eliminación da cuberta vexetal, pois a inexistencia temporal de vexetación supón unha perda do espazo que proporciona refuxio e alimento a numerosas especies de fauna, o que conleva a deterioración ou perda de hábitats faunísticos, constituíndo unha ameaza importante para a fauna. Este impacto considérase compatible debido a que só afectaría os aeroxeradores, viarios e apoios da LAAT”.</i></p> <p>Esta afección en absoluto é compatible co proxecto eólico. As enormes remocións de terra que implica a construción dun parque eólico eliminan os solos, que é un recurso finito e non renovable.</p> <p>A mercantil promotora tamen reconece a afección do ruído á avifauna:</p> <p><i>“Doutra banda, téñense en conta as posibles molestias xeradas á avifauna, tanto en fase de execución como en fase de funcionamento, derivada das obras, paso e presenza de vehículos e maquinaria e ruidos, que se estima como compatible”.</i> Sen embargo, á mercantil promotora obvia que está a falar dun espazo de elevada importancia ornitolóxica e onde se asentan aves de invernada para a súa estadia e nidificación.</p> <p>A empresa tamen reconece a afección á ZEC Xubia –Castro en relación aos aeroxeradores T03 e T04, feito totalmente incompatible cos valores a protexer polos espazos catalogados dentro da Rede Natura.</p> <p>Afección aos núcleos de poboación e ao benestar das familias:</p> <p>Falla de avaliación do impacto no posible éxodo poboacional.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O Cruceiro, situado a 1.700 m ao oeste do aeroxerador T03. - O Sabugueiro, situado a 1.350 metros ao suroeste do aeroxerador T03. - As Lobateiras e Ou Villar, situados a 1.250 metros ao sur do aeroxerador T04. - Sande, situado a 2.000 metros ao sur do aeroxerador T03. - Os Tembrás, situado a 1.650 metros ao norte do aeroxerador T02. - A Pena de Eiriz, situado a 900 metros ao norte do aeroxerador T02. - Os Regalados, situado a 2.000 metros ao sueste do aeroxerador reserva T18. - Municipio das Pontes, situado a 5.200 metros ao leste do aeroxerador T12, a 1.200 metros da LAAT 220 kV, e lindeira coa SET Colectora e LAAT 400 kV. - Alto do Pío, situado a 1.700 metros ao norte do aeroxerador T11. - Goente, situado a 1.500 metros ao suroeste do aeroxerador reserva T18. - Ribadaume, situado a 2.100 metros ao sur da LAAT 220 kV Tesouro. - As Neves, situado a 6.000 metros ao suroeste do aeroxerador T04. - Caaveiro, situado a 2.000 metros ao oeste do aeroxerador T03. <p>Afección severa e prexuízos significativos para a Rede Natura 2000:</p> <p>ZEC ES1110013 “Xubia-Castro”:</p> <p>A ZEC ES1110013 “Xubia-Castro” está situado a escasísimos metros dos aeroxeradores T03 e T04 do PE Tesouro, a uns 100 metros aproximadamente, polo que a afección é directa.</p> <p>Ten unha superficie total de 2.074,33 hectáreas.</p> <p>Esta ZEC foi declarada espazo Rede Natura polo DECRETO 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e apróbase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.</p> <p>Xubia-Castro é un espazo natural galego declarado zona especial de conservación (ZEC) que abrangue 2.074 ha dos concellos da Capela, Moeche, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e As Pontes de García Rodríguez, percorridos polo río XuBia e o seu afluente o Castro e que conserva gran parte dos bosques tradicionais de ribeira. Na parte alta do río Castro, na Serra do Forgoselo, localízase unha grande extensión de turbeiras ben conservadas. A altitude media é de 407 m. e</p>	<p>FRAGMENTACIÓN DO TERRITORIO E DOS HÁBITATS, PERDA DE BIODIVERSIDADE:</p> <p>A Liña de Alta tensión prevé, ademais dos pórticos, 30 apoios.</p> <p>Ademais cómpre ter en conta as infraestruturas da entorna do proxecto que fragmentan os hábitats tamen de forma importante:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autovía AG-64, a 630 metros ao norte do aeroxerador reserva T11 e ten un cruzamento coa LAAT 220 kV. - Estrada AC-121, a 1.700 metros ao sur do aeroxerador T03. - Estrada AC-861, a 325 metros ao norte do aeroxerador T08, a 150 metros ao norte da SET Tesouro, e ten un cruzamento coa LAAT 220 kV. - Estrada AC-142, situada a 1.300 metros ao sur do aeroxerador reserva T13, ten un cruzamento coa LAAT 220 kV. - Estrada AC-564, situada a 760 metros ao sur do aeroxerador reserva T18. - Mina das Pontes, situada a 1.000 metros ao nordés do aeroxerador reserva T12. - Encoro das Pontes, a 8.000 metros ao leste do aeroxerador T12. - Central eléctrica das Pontes, a 5.800 metros ao leste do aeroxerador T12. <p>A mercantil promotora non</p>
--	---	--	---	--

			<p>pertence á rexión bioclimática atlántica. Hábitats: Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (<i>Littorelletalia uniflorae</i>). Lagos eutróficos naturais con vexetación Magnopotamion ou Hydrocharition. Estanques temporais mediterráneos. Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>. Uceiras secas europeas. Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo. Turbeiras de cobertor. Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica. Bosques aluviais de ameneiro (<i>Alnus glutinosa</i>) e freixo. Bosques de castiñeiro (<i>Castanea sativa</i>). Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>.</p> <p>Flora: Esfagno (<i>Sphagnum pylaisii</i>).</p> <p>Fauna: Lontra (<i>Lutra lutra</i>). Gabián (<i>Accipiter nisus</i>). Ferreiriño subeliño (<i>Aegithalos caudatus</i>). Merlo rieiro (<i>Cinclus cinclus</i>). Falcón pequeno (<i>Falco subbuteo</i>). Ouriolo (<i>Oriolus oriolus</i>). Papuxa montesa (<i>Sylvia undata</i>). Salamántiga (<i>Chioglossa lusitanica</i>). Lagarto das silvas (<i>Lacerta schreiberi</i>)</p> <p>A escasos 100 metros (Aeroxeradores T03 e T04), ao noroeste da zona de implantación dos aeroxeradores localízase a presenza do ZEC ES1110013 “Xubia-Castro”, catalogado tamén como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) co mesmo nome. O proxecto eólico previsto causa prexuízos significativos e é incompatible cos valores naturais a protexer.</p> <p>A 2.150 metros ao sur/suroeste da zona de implantación, atópase o Parque Natural “Fragas do Eume” (Decreto 218/1997, do 30 de xullo, polo que se declara o parque natural das Fragas do Eume), o cal ademais está catalogado como ZEC ES1110003 “Fragas do Eume” e ZEPVN, con idéntico nome.</p>	<p>avaliou os efectos significativos que a totalidade das infraestruturas do ámbito da poligonal da estación eólica implican para a fragmentación dos hábitats, a perda da biodiversidade e o incremento do feísmo paisaxístico. Ademais a mercantil promotora debera ter en conta que toda a superficie da poligonal do parque está afectada por este, pero tamen hai outros cinco parques previstos na entorna cuxos impactos hai que avaliar. Ao anterior hai que engadir as antenas existentes, os camiños, a apertura de novos viais que prevé a mercantil promotora non só para este parque, senón tamen para os 5 parques restantes e que forman parte do plan industrial de desenvolvemento eólico que prevé implantar nas comarcas do Eume e de Ferrol – Terra fundamentalmente.</p> <p>Outros parques eólicos na entorna de afección do proxecto:</p> <p>PE Forgoselo 3.000 m / Noroeste Funcionamento PE Moeche 7.800 m / Norte En avaliación ante o</p>
--	--	--	---	---

Código	Denominación
113 0	Esteiros
313 0	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
316 0	Lagos e estanques distróficos naturais
326 0	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
402 0 *	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
403 0	Queirogais secos europeos
622 0 *	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
623 0 *	Formacións herbosas con <i>Nardus</i> , con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)
641 0	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo- limosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
643 0	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
651 0	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
711 0 *	Turbeiras altas activas
712 0	Turbeiras altas degradadas que aínda poden rexenerarse de xeito natural
714 0	'Mires' de transición
715 0	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
822 0	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
823 0	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
831 0	Covas non explotadas polo turismo
91E 0 *	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
923 0	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Culcita macrocarpa</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
<i>Woodwardia radicans</i>	<i>Euphydryas aurinia</i>	
	<i>Geomalacus maculosus</i>	
	<i>Lucanus cervus</i>	

MITECO
PE Badulaque 13.300 m /
Norte En avaliación ante o
MITECO
PE Caaveiro 7.000 m /
Oeste En avaliación ante o
MITECO
PE Santuario 10.500 m /
Sueste En avaliación ante
o MITECO
PE Serra dá Loba 11.500
m / Sueste Funcionamento
PE Serra do Punago-
Vacariza 8.900 m / Este
Funcionamento
PE Cordal de Montouto
17.000 m / Este
Funcionamento

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Myotis myotis</i>
<i>Lacerta monticola</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

ZEC ES1110003 "Fragas do Eume":

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
3160	Lagos e estanques distróficos naturais
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
3270	Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de <i>Chenopodion rubri</i> p.p. e de <i>Bidention</i> p.p.
4020 *	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
5230 *	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220 *	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6230 *	Formacións herbosas con <i>Nardus</i> , con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7110 *	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
9180 *	Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91E0 *	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9260	Soutos

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Culcita macrocarpa</i>	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
<i>Narcissus asturiensis</i>	<i>Elona quimperiana</i>	
<i>Narcissus cyclamineus</i>	<i>Euphydrys aurinia</i>	
<i>Sphagnum pylaisii</i>	<i>Geomalacus maculosus</i>	
<i>Trichomanes speciosum</i>	<i>Lucanus cervus</i>	
<i>Woodwardia radicans</i>	<i>Margaritifera margaritifera</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Barbastella barbastellus</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Lacerta monticola</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Myotis bechsteinii</i>
	<i>Myotis emarginatus</i>
	<i>Myotis myotis</i>
	<i>Rhinolophus euryale</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

Prexuízos significativos e incompatibles para a especie en perigo de extinción Escribenta das Canaveiras:

Unha parte da zona de actuación, o lado suroeste correspondente a 5 dos aeroxeradores, quedaría dentro da área potencial do plan de recuperación da subespecie lusitánica do escribano palustre (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia.

A Xunta de Galicia, tras darse a si mesma un prazo de 6 anos para facelo (desde o 2013), non chegou a determinar os perímetros de protección dos humídais que constitúen o hábitat potencial desta especie en perigo de extinción. A cuestión non é baladí porque hai unha mancha de parques eólicos ou incluso complexos eólicos ou plans industriais de desenvolvemento eólico como é este caso, que afectan a esta especie con charcas, brañas e humídais **cuo perímetro están sen determinar**, como é o presente caso, e a saber cal é a área comprendida no ámbito do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta, da que unicamente aparece nunha representación gráfica e fica por tanto o seu perímetro de zonificación ás expensas das avaliacións que realicen as mercantís promotoras eólicas como é este caso.

Por outra banda o artigo 4 do Decreto que aproba o plan de recuperación da especie, referido a súa revisión indica que:

"2. Co fin de adaptar o plan aos novos condicionantes existentes para a conservación da subespecie, avaliaranse os seus resultados cada 6 anos, e modificarase no caso de que se requira o reaxuste das medidas de recuperación", non existindo constancia desta avaliación tras o transcurso do período indicado.

O referido plan tamén indica na súa exposición de motivos que:

"A aprobación deste plan executivo vincula tanto os particulares como as administracións competentes, que deben cumprir as directrices e actuacións contidas neste decreto".

"Debido ao declive poboacional estimado e ao reducido tamaño da poboación actual, a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras aparece recollida no anexo I do Decreto 88/2007 na categoría «en perigo de extinción». Esta categoría está reservada para aquelas especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando.

"A catalogación dunha especie como en perigo de extinción implica a elaboración dun plan de recuperación cuxo fin é garantir a conservación da especie que vive en estado silvestre no territorio da Comunidade Autónoma, dos seus hábitats e establecer medidas adecuadas que permitan preservar, manter e restablecer as súas poboacións naturais facéndolas viables". O proxecto eólico constitúe un risco para a especie.

O artigo 3 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia indica:

"A finalidade do plan de recuperación, de acordo cos antecedentes e razóns que se expoñen no anexo I, é a de inverter a tendencia demográfica regresiva da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras en Galicia ata que se limite de xeito significativo o seu risco de extinción nun horizonte temporal de 20 anos, se acade a recuperación das localidades de reprodución coñecidas que se perderon e unha poboación reprodutora superior a 112 parellas".

Sen embargo, este obxectivo de recuperación previsto no Decreto do ano 2013 queda moi lonxe da

realidade e a situación da especie é de especial gravidade.

No Censo de Escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus lusitanica* en Galicia 2018, indícase a priori, que a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*) debería empezar adar sinais de recuperación en Galicia. A pesar da súa vulnerable situación, é unha das escasísimas especies ameazadas que conta cun plan de recuperación aprobado pola Xunta.

Mais os resultados dun novo censo volven advertir da necesidade de medidas efectivas.

“Segundo os datos dispoñibles, quedarían unhas 20 parellas reprodutoras en Galicia fronte ás case 70 censadas en 2005, o que supón unha redución de arredor do 70% en tan só 13 anos“, advirte o traballo, realizado por Emilio Martínez Sabarís, Xabier Prieto Espiñeira, José Ramón Castro Gómez, José Luis Rabuñal Patiño, Cosme Damián Romay Cousido, Álvaro Rodríguez Pomares e Francisco Rosende Maneiro.

Prexuízos significativos e incompatibles coa protección dos valores do Parque Natural “Fragas do Eume” (Decreto 218/1997, do 30 de xullo, polo que se declara o parque natural das Fragas do Eume), o cal ademais está catalogado como ZEC, ZEPVN, LIC e Área de Especial Interese Paisaxístico. Existe unha gabia de MT que cruza o ZEC Xubia Castro cando discorre ao longo do Río Castro, o cal se sitúa a escasos 750 e 1.000 metros dos aeroxeradores C05 e C12.

Prexuízos significativos e incompatibles para o Lobo protexido por convenios internacionais.

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa. O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica, especialmente no relacionado coa protección dos hábitats (artigos 3 e 4). O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

Unha especie típica deste hábitat é a lacerta vivípara: a vinculación desta especie con hábitats moi específicos fai que a distribución desta especie sexa descontinua e que algunhas poboacións sexan moi vulnerables ás alteracións dos seus biótopos característicos.

VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España 16 baleirada). A este respecto debéra informarse a Dirección Xeral Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS, MADEREIRAS E AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:

Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares. As rendas do sector forestal e a importancia deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenvolvemento da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora. A estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madeiras e as agro-gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.

Afección severa e incompatible coas lagoas, brañas e humidaes presentes na área de desenvolvemento deste proxecto, dentro da poligonal do parque e nas comarcas de implantación dos seis parques eólicos que configuran o plan industrial da mercantil Enel Green Power España, S.L.:

non avaliado pola mercantil promotora. No sector nordés do lago das Pontes existen humidaes, que serven de refuxio para as aves acuáticas. Estes humidaes desempeñan unha función ecosistémica fundamental como lugares de lugares de invernada para anátidas e larolimícolas, abrigo pola afluencia de aves procedentes do norte de Europa.

Afección severa á Charca do Val, non avaliada pola mercantil promotora. Tampouco avaliou os prados e brañas encharcados da antiga escombreira. Tampouco avaliou o humidal da Balsa de Penapurreira.

Afección severa ás masas de auga soterradas, acuíferos e captacións de auga para consumo humano e as explotacións agro-gandeiras da poligonal do parque:

non avaliado pola promotora. O ámbito do proxecto aséntase sobre a demarcación “Galicia-Costa”, abarcando tres masas de auga subterránea distintas:

- 014-014 “San Sadurniño”
- 014-012 “Eume”
- 014-013 “As Pontes”

Afección ás zonas protexidas de auga potable (ZPAP) lineais e poligonais:

non avaliado pola promotora. Afección severa aos recursos hídricos.

Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:

A rede hidrolóxica superficial está representada polos ríos “Castro” , “Eume” e “ Maciñeira” ademais doutros arrosos e leitos innominados. Estes tres ríos son os que teñen maior importancia dos arredores e atópanse situados a 2.100 metros

ao norte do aeróxerador T03, 5.700 metros ao sueste do aeróxerador reserva T14 e a 1.800 metros ao sur do aeróxerador reserva T14 respectivamente.

A liña de evacuación 220 kV ten varios cruzamentos, un co río Eume, e outro co río Maciñeira e outro co leito Rego de Sa.

É necesario apuntar que o Lago de Pontes de García Rodríguez sitúase a 950 metros en dirección nordés desde os aeróxeradores T12 e T13 reserva.

A liña de evacuación de 220 kV discorre ao sur do encoro. O proxecto prevé cruzamentos dos ríos para viais e gaviás de MT polo que a afección ao dominio público hidráulico e á vexetación de ribeira é moi severa.

Prexuízos significativos e incompatibles para as Reservas da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras del Mandeo e Terras do Miño.

Impactos non avaliados pola mercantil promotora.

Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo: Dentro da reserva inclúense varias zonas de especial conservación da Rede Natura 2000. Conta cos ZECs de Betanzos - Mandeo, o

Encoro de Abegondo - Cecebre, a Costa de Dexo (tamén declarada monumento natural) e tamén o tramo arteixán da Costa da Morte. Ademais, conta coas novas propostas LIC na rede do esteiro do río Baxoi, as brañas do Deo a Serra da Cova da Serpe. Esta Reserva está afectada polo plan industrial dos 6 parques eólicos que a mercantil prevé desenvolver nas comarcas do Eume e Ferrol – Terra.

Reserva da Biosfera Terras do Miño:

A 6,9 km da zona de implantación do parque eólico e 3,4 km da infraestrutura de evacuación, localízase a Reserva da Biosfera “TERRAS DO MIÑO” (con data de declaración o 07 de novembro de 2002).

Esta Reserva da Biosfera localízase **a escasos metros ao sur da LAAT 220 kV.**

Prexuízos significativos e incompatibles coa avifauna:

Iberolacerta monticola

Anas crecca

Gallinago gallinago

Circus cyaneus

Pandion haliaetus

Scolopax rusticola

Discoglossus galganoi

Píntega píntega

Ra ibérica

Ra temporaria

Chioglossa lusitanica

Chondrostoma duriense

Chondrostoma arcasii

Rhinolophus ferrumequinum

Rhinolophus hipposideros

Circus pygargus

Pandion haliaetus considerada “Vulnerable”.

Segundo as Listas Vermellas(UICN), as especies catalogadas e o seu réxime de protección son os seguintes:

- “Vulnerables”: Circus pygargus, Streptopelia turtur, Rhinolophus hipposideros, Rhinolophus ferrumequinum, Cervus elaphus, Anguilla anguilla, Salmo trutta, Chondrostoma duriense, Chioglossa lusitanica, Píntega píntega e Ra iberica.

Atendendo ao Catálogo Español de Especies Ameazadas e Listaxe, as especies catalogadas e o seu réxime de protección son os seguintes:

- “Vulnerables” (2 taxones): Circus pygargus e Chioglossa lusitanica.

Segundo o Catálogo Galego de Especies Ameazadas, as especies catalogadas e o seu réxime de protección son os seguintes:

- “Vulnerables” na península (8 taxones). Circus pygargus, Rhinolophus hipposideros, Chioglossa lusitanica, Píntega píntega, Discoglossus galganoi, Ra ibérica, Ra temporaria, Iberolacerta monticola.

Ademais, existen varias especies atopadas durante o inventario, que non aparecen nas cuadrículas de IETT biodiversidade, pero se o fixeron no inventario e cuxo réxime de protección no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, é o seguinte:

- “En Perigo de Extinción” (2 Taxones): Anas crecca e Gallinago gallinago.

- “Vulnerables” (3 Taxones): Circus cyaneus, Pandion haliaetus e Scolopax rusticola.

Prexuízos significativos e incompatibles coa Paisaxe, os valores paisaxísticos das comarcas afectadas polo plan de desenvolvemento eólico previsto pola mercantil promotora. Incremento do Feísmo Paisaxístico (aspecto este non avaliado pola promotora). Presencia de Áreas de Alto Valor Natural (HNV), que definen a calidade da paisaxe.

Respecto ás áreas de especial interese paisaxístico a visibilidade será elevada desde as AEIP máis próximas como O Lago das Pontes ou a Serra do Forgoelo. Pero a visibilidade tamen será

importante desde as Fragas do Eume ou Fragas de Carballeira. Tamen para elementos patrimoniais como o Castelo de García Rodríguez, ou o miradoiro de Carballeira, así como outros como o miradoiro de Dos Cerqueiros.

Finalmente, respecto a os espazos naturais protexidos, os principais serían as Fragas do Eume e a Serra do Forgoselo. Para o segundo a visibilidade é elevada tanto dos aeroxeradores como da LAAT. Desde o miradoiro Dos

Cerqueiros, a visibilidade será moi elevada, tanto deste parque, como doutros parques próximos.

Na zona, poderíamos destacar os seguintes recursos paisaxísticos e turísticos:

1-Área de especial interese paisaxístico (AEIP).

Fragas e Fervenza do Beelle, a 9,3 m ao oeste do aeroxerador máis próximo.

Mosteiro de Monfero, a 12,6 Km ao sur do aeroxerador máis próximo.

Castelo do Moeche, 9,5 Km ao norte do aeroxerador máis próximo.

Pazo Marquesa – Xubia, 8,9 Km ao noroeste do aeroxerador máis próximo.

Serra do Forgoselo, 1 Km ao Noroeste do aeroxerador máis próximo.

Fragas do Eume, 4,1 Km ao sur do aeroxerador máis próximo.

Fragas Vos Casás, 12,7 Km ao norte do aeroxerador máis próximo

O Lago das Pontes, 900 m ao leste do aeroxerador máis próximo, e colidante co paso da LAAT 220 KV PE TESOURO.

Fraga dá Carballeira 7,2 Km ao leste aeroxerador máis próximo e 2,2 Km ao leste do final da LAAT 220 KV PE TESOURO.

2- Carreiros: destaca pola súa importancia o Camiño de Santiago, que na zona presenta tres dos seus roteiros ou itinerarios:

- Camiño de Santiago: Camiño Inglés: a 12,3 Km ao Oeste do aeroxerador máis próximo

Ademais, localizamos outros carreiros e roteiros na zona:

- PRG 147 Sendeiro As Fragas dá Ribeira e do Lostegal. A 2, 2 Km ao leste do final da LAAT 220 KV PE TESOURO.

3- Miradoiros: dada a presenza das serras elevadas, atopamos os seguintes elementos que presentan importantes vistas panorámicas:

- Miradoiro Coto de Rei, a 9,7 m ao oeste do aeroxerador máis próximo.

- Miradoiro Fervenza ou Viladonelle 9,0 Km ao oeste do aeroxerador máis próximo.

- Miradoiro Monte Ancos, 12,7 Km ao oeste do aeroxerador máis próximo.

- Miradoiro Monte Agudo, 14,5 Km ao nordés do aeroxerador máis próximo.

- Miradoiro Caxado, 10,3 Km ao norte do paso da LAAT 220 KV PE TESOURO.

- Miradoiro Dos Cerqueiros, 8,9 Km ao sur do paso da LAAT 220 KV PE TESOURO.

- Miradoiro Teixeira 5,9 Km ao sueste do aeroxerador máis próximo.

- Miradoiro de Caaveiro, 8,9 Km ao sur do aeroxerador máis próximo.

- Miradoiro Castelo dous Andrades- Nogueirosa, 12,4 Km ao suroeste do aeroxerador máis próximo.

- Miradoiro A Carballeira: 8,9 Km ao leste do aeroxerador máis próximo.

- Miradoiro Monte Pendella: 13,1 Km ao sur do aeroxerador máis próximo.

4- Patrimonio Cultural Material: dentro deste apartado, destacar os seguintes elementos.

- Camiño de Santiago: Camiño Inglés. 12,3 Km ao Oeste do aeroxerador máis próximo

- Castelo do Moeche 9,5 Km ao norte do aeroxerador máis próximo

- Castelo dos Andrades- Nogueirosa, 12,4 Km ao suroeste do aeroxerador máis próximo.

- Castelo do Naraío, 5,2 Km ao leste do aeroxerador máis próximo.

- Mosteiro de Caaveiro: 8,9 Km ao sur do aeroxerador máis próximo.

- Castelo do García Rodríguez, 6,4 Km ao leste do aeroxerador máis próximo.

- Torre de Roupar, 13,3 Km ao leste do aeroxerador máis próximo.

- Mosteiro de Monfero; 13,6 Km ao sur do aeroxerador máis próximo.

5.- Especial afección á Serra do Forgoselo.

Espazo de alto valor ambiental con presenza de turbeiras, charcas, lagos e cabalos salvaxes.

Nas súas montañas críase gando salvaxe (vacas e cabalos). A carne de tenreira do Forgoselo

distínguese con marca “Produto do Eume” e comercialízase baixo o amparo da Indicación Xeográfica Protexida (IGP) “Tenreira Galega”. Este aspecto non foi avaliado pola mercantil promotora, que non tivo en conta o impacto socioeconómico do proxecto en relación ás familias que residen nos núcleos rurais da poligonal do parque. Destaca o Curro do Forgozelo, tamén chamado do Covelo, é o recinto onde cada mes de xullo ten lugar a tradicional «Rapa das Bestas. Está situado no chamado «Lugar de Lecer», na parte oriental da serra. Festa de gran relevancia turística non avaliada pola mercantil promotora.

6.- Afección severa ao turismo e ao Lago das Pontes. Incremento do Feísmo paisaxístico.

Este espazo natural e recreativo é utilizado para a práctica de deportes náuticos como vela, windsurf ou kaiak. En 2017 instalouse nas súas inmediacións a tirolesa máis grande de Europa, cunha lonxitude de 200 metros e unha altura de 10.

O lago conta cunha praia artificial na zona máis próxima á localidade, en forma de media lúa e unha extensión de 370 metros con zona verde e outra de area, creada a partir de 90.000 toneladas de area de canteira lavada. Cunha temperatura media ao longo de todo o ano de 22 graos, é unha das grandes atraccións do lago.

A parte noroccidental do lago estableceuse como reserva ornitolóxica e zona de observación de aves. De feito a web <https://turismoferrolterra.es/gl/ornitologia/> fomenta o turismo ornitolóxico na entorna do lago das Pontes.

Outras webs que amosan a importancia turística do lago das Pontes son:

- https://www.tripadvisor.es/Attraction_Review-g3930567-d4744490-Reviews-Lake_As_Pontes-Puentes_de_Garcia_Rodriguez_Province_of_A_Coruna_Galicia.html
- <https://viajandoimagenesysensaciones.com/2018/11/14/visita-al-lago-de-as-pontes-galicia-turismo-sostenible/>
- <https://www.miperromola.com/2019/04/senda-da-memoria-lago-de-as-pontes.html>

“El recorrido de la Senda Da Memoria:

Ruta lineal y de 9 kilómetros de longitud (18 en total) el recorrido de la Senda Da Memoria nos lleva por el contorno del Lago de As Pontes en el que podemos apreciar un ecosistema fruto de una colonización espontánea que alberga áreas de humedales, pastizales, arboledas y matorrales en los que habitan más de 217 especies vegetales y 205 especies animales”. O impacto socioeconómico do proxecto non foi avaliado pola mercantil promotora.

Prexuízos significativos no patrimonio cultural e arqueolóxico. Afección severa e incompatible. Descontextualización do patrimonio cultural:

RE15018002 MÁMOAS DO FORGOSELO, GRUPO 4, 1

Sitúase no lugar de Ameneiro, na parroquia de San Boulo de Caaveiro, no concello da Capela

TO15018002 PICO CASTRO

Sitúase no lugar de Ameneiro, na parroquia de San Boulo de Caaveiro, no concello da Capela.

GA15070119 PICO CASTRO M0 – FO0

Elemento asediado no lugar de Castro, na parroquia de San Xoán de Seoane (Seixo), no concello das Pontes de García Rodríguez

GA15070120 PICO CASTRO M1 – FO1

Elemento asediado no lugar de Castro, na parroquia de San Xoán de Seoane (Seixo), no concello das Pontes de García Rodríguez.

GA15070121 PICO CASTRO M1 – FO1

Elemento asediado no lugar de Castro, na parroquia de San Xoán de Seoane (Seixo), no concello das Pontes de García Rodríguez.

GA15070122 PICO CASTRO M1 – FO1

Elemento asediado no lugar de Castro, na parroquia de San Xoán de Seoane (Seixo), no concello das Pontes de García Rodríguez.

GA15070092 A VILAVELLA 1

Elemento situado no lugar de Vila, na parroquia de Santa María de Vilavella, no concello das

			Pontes de García Rodríguez GA15018008 MÁMOA DE PICO VENTOSO 1 Elemento situado no lugar de Vioveiro, na parroquia de Santiago dá Capela, no concello da Capela. GA15018027 MÁMOA DE PICO VENTOSO 2 Elemento situado no lugar de Vioveiro, na parroquia de Santiago dá Capela, no concello da Capela. RE15018003 MÁMOA DO FORGOSELO 3 Elemento situado, na parroquia de Santiago dá Capela, no concello da Capela CRUZ 01 CRUZ DE PICO VENTOSO 1 Elemento situado, na parroquia de Santiago dá Capela, no concello da Capela. CRUZ 02 CRUZ DE PICO VENTOSO 2 Elemento situado, na parroquia de Santiago dá Capela, no concello da Capela. CRUZ 03 CRUZ DE PICO VENTOSO 3 Elemento situado, na parroquia de Santiago dá Capela, no concello da Capela PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL: SEN AVALIAR	
--	--	--	---	--

Indica a mercantil promotora:

“El Parque Eólico Tesouro forma parte de un conjunto de 6 Parques Eólicos ubicados en la zona noroccidental de la provincia de A Coruña, en desarrollo por parte de Enel Green Power España S.L.. El conjunto de los Parques Eólicos, denominados Caaveiro, Tesouro, Barqueiro, Badulaque, Santuario y Moeche tiene una potencia instalada conjunta de 611 MW y conectan en un mismo punto de conexión a la Red la Subestación de REE As Pontes (posición Grupo 3 Central Térmica).

Dado que las seis instalaciones antes referidas disponen de permiso de acceso en un mismo nudo de la red de transporte (Puentes de García Rodríguez 400 kV), en el diseño de las infraestructuras de conexión de las mismas se han adoptado criterios de racionalización para minimizar el número de infraestructuras a desarrollar mediante la futura utilización compartida de aquellas instalaciones de conexión en las que dicho uso compartido sea técnicamente y reglamentariamente viable.

Si se desarrollan en su totalidad las instalaciones de generación proyectadas, los parques eólicos Tesouro y Caaveiro compartirán el tramo de línea que transcurre entre la subestación del parque eólico Tesouro y la subestación colectora ubicada en las inmediaciones de Puentes de García Rodríguez 400 kV. A su vez el parque eólico Caaveiro compartiría la subestación del parque eólico Tesouro. La subestación colectora 220/400 kV, así como su conexión eléctrica con la posición correspondiente de la subestación Puentes de García Rodríguez 400 kV sería compartida por el conjunto de parques eólicos a desarrollar”.

Nome da instalación	Potencia	Municipios	Provincia
Parque eólico Badulaque	90,0	Valdoviño, Cedeira, Cerdido, Moeche, As Somozas, As Pontes	A Coruña
Parque eólico Barqueiro	150,0	Ortigueira, Mañón, O Vicedo, Cerdido, Moeche, As Somozas, As Pontes	A Coruña, Lugo
Parque eólico Caaveiro	78,0	Fene, Neda, Cabanas, A Capela, San Sadurniño, As Pontes	A Coruña
Parque eólico Moeche	53,0	San Sadurniño, Moeche, As Somozas, As Pontes	A Coruña
Parque eólico Santuario	180,0	As Pontes, Xermade, Vilalba, Guitiriz	
Parque eólico Tesouro	60,0	As Pontes, A Capela	A Coruña

Os seus parques eólicos referenciados, a pesar de compartir instalacións de conexión e a mesma área xeográfica (comarcas do Eume e Ferrol –Terra), sométense por separado a avaliación ambiental ordinaria, obviando que se trata dun plan empresarial único a desenvolver pola mesma promotora, no mesmo ámbito xeográfico comarcal e con permiso de acceso nun mesmo nó da rede de transporte (As Pontes de García Rodríguez 400 kV).

Así temo:

➤ **A Subestación “TESOURO”:**

emprazarse na parcela catastral Nº15071A045000040000 YW do polígono Nº45 parcela 4, do municipio das Pontes provincia da Coruña. A planta contará cunhas dimensións exteriores de 104,70 por 81,10 metros e unha superficie de 7.779,62 m².

➤ **LIÑA ELÉCTRICA SE TESOURO – SE COLECTORA AS PONTES**

Configurada por Pórtico + 30 apoios desde ou pórtico dá SE Tesouro ata a SE colectora das Pontes.

A orixe da Liña Aérea será o Pórtico da S.E. T. “ P.E. Tesouro”, desde onde e a través de 16 aliñacións, chegarase ao pórtico da S.E. T. “Colectora AS PONTES”.

A lonxitude total da liña é de 8.854,16 m, discorrendo polos termos municipais As Pontes, na provincia da Coruña.

Os apoios da liña serán en configuración dobre circuío en bandeira durante todo o trazado, un dos circuítos evacuará a enerxía do parque eólico Tesouro e o outro circuío cuxo tendido non forma parte do alcance deste proxecto, evacuará a enerxía dos futuros parques eólicos Badulaque, Barqueiro e Moeche.

➤ **SUBESTACION COLECTORA AS PONTES RENOVABLES 220/400 KV**

A Subestación “COLECTORA AS PONTES” atópase dentro do polígono “Industrial ENDESA” no cal se atopa instalada a central térmica Pontes García Rodríguez, no municipio das Pontes provincia da Coruña. A súa planta será de forma rectangular, cunhas dimensións exteriores de 174,00 por 101,65 metros e unha superficie de 17.687 m².

➤ **LIÑAS ELÉCTRICAS SE COLECTORA AS PONTES – SE AS PONTES REE -SE GRUPO 3 TERMICA**

Será necesario a instalación de dúas liñas eléctricas subterráneas, a liña eléctrica 1 conectará a subestación Colectora As Pontes co transformador do grupo 3 da térmica e a liña eléctrica 2 conectará a subestación Colectora As Pontes coa subestación As Pontes REE.

A lonxitude da traza da liña 1 é de 649 metros.

A lonxitude da traza da liña 2 é de 657 metros.

O comezo da liña 1 prodúcese nos terminais da subestación Colectora AS PONTES e o final nos terminais da transición aéreo subterráneo anexo ao transformador do G3 da central térmica.

O comezo da liña 2 prodúcese nos terminais da subestación Colectora AS PONTES e o final nos terminais da transición aéreo subterráneo da subestación As Pontes REE. A liña discorrerá camiño de terra e baixo viais.

ESPECIAL AFECCIÓN Á SERRA DO FORGOSELO E AS SÚAS CHARCAS, LAGOAS E TURBEIRAS

A Serra ou Montes do Forgoselo (Serra do Forgoselo) é un macizo granítico situado ao norte das Fragas do Eume, dentro da Comarca de Ferrolterra, na provincia da Coruña. Os seus algo máis de 1400 hectáreas esténdense maioritariamente polo municipio da Capela e en menor medida polo de San Sadurniño e As Pontes. Os seus límites naturais son: o Monte das Louseiras (oeste), a Mina das Pontes ou Escombeira (este), o Val do Rego do Castro (norte) e as marxes do Rego do Ameneiro (sur). No ano 2000, foi incluído no Espazo Protexido Xuvia-Castro, declarándose como Lugar de Interese Comunitario (LIC).

Os seus montes, ao redor dos 500 m de altitude media, son pequenos cerros redondeados e de lombas suaves, salpicados de grandes « penedos» ou bloques de pedra granítica de máis de 300 millóns de anos de antigüidade. Estes batolitos graníticos adoptan ás veces formas curiosas, como a “Pena dous Tres Pés” (Pena dos Tres Pés).

Desde o punto de vista da vexetación, O Forgoselo é unha altiplanicie de chans hiperhúmedos, na que as charcas, brañas e turbeiras son as máximas protagonistas.



A importancia ambiental da Serra do Forgoselo





Lagoa do Campo da Eira





Bosque en la Charca do Val



Prados encharcados en la escombrera



Isla de los Pájaros en el lago de As Pontes



Balsa de Penapurreira



Busardo ratonero en la escombrera



Aguilucho pálido macho en la escombrera



Ciervos en la escombrera

A antiga escombreira funciona como unha reserva natural albergando preto de 200 especies de vertebrados de entre as cales sobresaen o grupo das aves, as especies cinxéticas e os grandes depredadores como o lobo.



Foto 20.- Caballos salvajes de la raza gallega en un tojal-brezal y bosque de pinos (*P. pinaster*) al fondo.



Foto 7.- Caballos salvajes de la raza gallega en el área de estudio.



Foto 6.- Vista panorámica de un sector del área de estudio.



Foto 5.- Curso de agua en el área de estudio.



Foto 3.- Charca y turberas en el área de estudio.



Fotografía 2.5.3.d. Vial de acceso al aerogenerador To4 desde la Carretera de Pontedeume As Pontes. Pastizales y praderas.



Fotografía 2.5.3.e. Cerca del aerogenerador T01. *Pastizales y Praderas y bosquetes de frondosas y pinos.*



Fervenza do río Castro